




## 1. EMPRAZAMENTO




### DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipio: Cangas só na esquina sueste, e Moaña na maior parte. Parroquias: San Salvador de Coiro en Cangas; San Martiño de Moaña ao norte, San Xoán de Tirán ao sueste, San Martiño e Virxe do Carme de Moaña ao sueste, e Virxe do Carme de Moaña ao nordeste. Extensión: 2,71 km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade que reflicte na súa franxa costeira norte os efectos da intensa urbanización do ámbito do núcleo de Moaña, que transformou radicalmente a liña de costa orixinal. O tramo sur pola súa parte está menos modificado e presenta unha secuencia de praias e acantilados baixos. A vertente, tamén moi urbanizada, ten unha pendente regular e moderada que está sucada por pequenas valgadas.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A composición litolóxica da unidade corresponde ao dominio dos granitoides de afinidade calcoalcalina en serie precoz, repartidos en dous grandes grupos. O primeiro, dos granitos e granodioritas biotíticas, sitúase nunha estreita banda costeira, que se ensancha cara ao leste, nas inmediacións de Punta Cortés, e toma unha dirección de norte a sur. O resto da unidade correspóndese cun substrato de granodioritas con megacristais feldespáticos, entre as que pode aparecer de forma puntual o grupo anterior. En canto aos depósitos cuaternarios, cabe destacar os detritos coluvio-eluviais asociados ao val do Saíña no bordo noroccidental, e os depósitos de áreas de praia nas distintas enseadas, especialmente na praia do Canabal e no porto de Moaña.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido: temperatura media anual superior a 15° C, oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C e as precipitacións medias sitúanse entre 1200 mm e 1400 mm ao ano.

#### OS SOLOS

Dominio dos solos tipo cambisol dístrico en gran parte da unidade, favorecidos pola regularidade do relevo sen grandes desniveis que dificulten a edafoxénese. Non obstante, gran parte do tramo costeiro está moi transformado pola presión urbanística xa que se localiza o núcleo de Moaña e a súa área de expansión, o que modificou os solos orixinais dando lugar a un aumento progresivo dos antrosoles. Finalmente destacar pequenas áreas de antrosoles asociados aos depósitos areosos costeiros.


#### AS AUGAS

Pequenos arrosios que recollen a auga das ladeiras do relevo, ao noroeste da unidade, conforman a rede hidrográfica desta unidade, que verte directamente ás Augas Costeiras de Cangas (20157).

#### O PATRIMONIO NATURAL

Trátase dunha costa de dominio sedimentario na que adquiren importancia os bancos intermareais e submareais superficiais, lamacentos e/ou areosos (hábitats 1110 e 1140). A existencia dalgunhas zonas con acantilados non resolve un hábitat 1230, cantís mariños atlánticos, ben desenvolvido, debido á presenza de axardinamentos e eucaliptais. Praias de area e cantos, así como plataformas parecen permitir o hábitat 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados. O interior da unidade, a intensa ocupación agraria, construtiva e viaria só posibilita algúns pequenos rodais de frondosas en recolonización que, dende os límites vexetados dos terreos foron crecendo de xeito lento. Estes atópanse en toda a superficie de tradición agrícola da unidade.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

As numerosas praias da liña costeira constitúen o maior atractivo turístico da unidade. Nesta fronte costeira destaca o núcleo de Moaña onde se sitúa a actividade comercial e socioeconómica, ademais dos servizos públicos administrativos. A súa tradición mariñeira queda reflectida pola presenza do porto do Con, e o porto deportivo, no que existe unha grande afección polo remo en banco fixo, con escolas e clubs, ademais da práctica de navegación en embarcacións recreativas. Na zona entre o porto e o núcleo urbano creouse unha área de espaxamento. Os bancos areosos son aproveitados para a explotación marisqueira, tamén hai polígonos de bateas mexiloeiras. O resto da unidade alterna o uso residencial en forma de asentamentos espontáneos e núcleos rurais dispersos, co cultivo agrícola en pequenas parcelas e invernadoiros. Entre todos estes usos mencionados sobresaen, sen orde aparente, usos industriais e equipamentos, así como pequenas masas de arboredo.

#### MORFOLOXÍA

A disposición lineal do núcleo urbano de Moaña (Núcleo de Identidade Litoral) ao longo da franxa costeira presenta unha fachada con edificacións compactas e de considerable volume, entre as que destaca a presenza dalgunha edificación singular e de tipo tradicional. Este núcleo é circundado por unha extensa trama periurbana que presenta a mesma tipoloxía, aínda que mantén a súa propia identidade como núcleo representativo do municipio. Apréciase a expansión que experimentou nos últimos tempos coa construción de novas urbanizacións e conxuntos de edificacións que buscan a colmatación dos espazos desocupados. A zona interior presenta bastante continuidade, deixando os espazos libres máis amplos para o uso agrícola e forestal. Os numerosos asentamentos mesturáronse con núcleos rurais secundarios, sen chegar a conformar un núcleo compacto. Os núcleos de Vilela e do Igrexario son os que mellor manteñen a súa identidade rural. Moaña recoñeceuse como NIL.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Nesta unidade destaca a estrada PO-551 que bordea o perfil costeiro da península do Morrazo. A PO-313 cofecida como a estrada de Moaña a Marín é a vía principal que acolle xunto á anterior o tránsito rodado relacionado coa actividade socioeconómica. A rede secundaria conforma estradas que enlazan os numerosos núcleos rurais e asentamentos dispersos por toda a unidade, como a PO-1004 ou estrada de Ameixoadá. Existe unha estrutura de pistas e camiños que estruturan o ámbito rural, así como numerosos accesos sen acondicionar ás praias e á fronte costeira. Destaca no núcleo urbano e na periferia portuaria o paseo marítimo e o carril-bici. Dende o porto pesqueiro de Moaña parten barcos de pasaxeiros cara á estación marítima de Vigo. O porto deportivo aproveita a tranquilidade das augas da enseada para practicar deportes acuáticos e para a navegación de embarcacións recreativas.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Dentro do patrimonio cultural atopamos elementos da arquitectura relixiosa como a igrexa de Tirán, as capelas de San Xosé en Quintela e a do Pazo do Real en Tirán, a ermida da Virxe dos Remedios, e numerosos cruceiros, ademais doutros de arquitectura civil como a casa de Pazó, o centro cultural Castelao en Quintela, a antiga escola e o Pazo do Real, ambos os dous en Tirán. Tamén aparecen numerosos hórreos. Dentro do patrimonio arqueolóxico existen achados da presenza de asentamentos primitivos.

### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta vila considérase como un dos núcleos de identidade do litoral galego. Combina o uso turístico coa explotación dos recursos marisqueiros e da industria conserveira e en xeral a relacionada coa pesca. Actualmente está a perder parte do seu carácter mariñeiro tradicional e tende a explotar máis os seus recursos turísticos grazas ás numerosas praias e a través do desenvolvemento urbanístico, que experimentou sobre todo na última década.

### DINÁMICA DA PAISAXE

Apréciase un forte dinamismo na paisaxe litoral, a franxa costeira presenta unha profunda alteración principalmente debido ao crecemento urbano de Moaña e ao desenvolvemento económico e industrial. Este feito faise particularmente notable na construción e mellora da infraestrutura portuaria e a rede viaria. o progresivo declive do uso agrícola xunto á proliferación de edificacións no ámbito rural con patróns construtivos variados, formando grupos de vivendas descontinuos e pouco densos, supón a perda dos usos tradicionais e un cambio nas dinámicas habituais da paisaxe rural.


### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

O núcleo de Moaña marca a pegada na unidade, a súa configuración fisiográfica permite unha visión destacada do núcleo, do porto pesqueiro e do porto deportivo. O maior interese desta paisaxe urbana que aínda conserva a súa tradición mariñeira achégano as súas numerosas praias, de doado acceso e de augas tranquilas, que a pesar de non ser moi óptimas para o baño presentan bancos marisqueiros nos areais da enseada. Estas áreas propicias para o cultivo de berberecho e outros moluscos bivalvos móstranse como amplas extensións coa baixada da marea. Os polígonos de bateas son outro dos elementos caracterizadores desta paisaxe costeira. Dende o punto de vista ecolóxico adquiren importancia os bancos intermareais e submareais superficiais, lamacentos e/ou areosos. Unicamente se consegue unha visión do conxunto aproveitando as altas cotas da unidade, unha explanación na suba ao núcleo das Fontes ofrece un bo punto de observación. Dende aquí obtense un punto panorámico expresivo do contraste entre o fondo montañoso e a franxa costeira. A visión da Ría de Vigo e os municipios limítrofes achega unha heteroxeneidade cromática e de texturas. Recordar que dende o mirador de Cotorredondo no Concello de Vilaboa pódese observar esta unidade.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS





















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



